

PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19

CURSO 2021/2022

CEIP Plurilingüe N° 2

Código centro: 36009895

Avenida da Concordia s/n, 36700 Tui

Teléfono: 886120057

ceip.numero2.tui@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui/>

ÍNDICE	
1. Introducción	Páx. 2
2. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho	Páx. 2
3. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial	Páx. 6
4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	Páx. 11



1. INTRODUCCIÓN

Tal como se establece no apartado 10.5 referido a organización e documentos do centro establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21, o noso centro presenta o plan de continxencia.

O plan de continxencia do CEIP Plurilingüe Nº 2 ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 , ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19

Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro para facer a auto enquisa de auto avaliación clínica de covid que se integra no plan de actuación como anexo I.



No caso de supostos sospeitoso, debe comunicarse ao centro e seguir os pasos que se reflexan no plan de adaptación a situación COVID 19 no curso 2021-2022 do noso centro.

Diante dun suposto no que un profesional ou alumno do que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase á aula de illamento localizada no edificio administrativo.

Procederase como está establecido no plan de adaptación: tanto a persoa que o acompañe como o afectado, irá preferentemente coa máscara FFP2/EN95 e permanecerá na sala con ventás abertas para mellorar a ventilación.

De ser un alumno/a contactaremos coa familia para que veña ao centro, o máis rápido que poidan, tomando as medidas preventivas establecidas neste protocolo.

A familia debe poñerse, de inmediato, en contacto co seu pediatra e seguir as súas instrucións. En caso de non haber cita debe acudir ao PAC.

A continuación haberá que chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de Tui, ao teléfono de referencia do SERGAS para os centros educativos (900 400 116 - 981 21 90 15) e seguiranse as súas instrucións:

d) En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao **061**.

e) O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de



saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

f) No suposto de aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus no noso centro tanto sexa alumnado, profesorado ou persoal do CEIP Plurilingüe Nº2, o director (como coordinador do equipo COVID-19) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas coma contactos.

Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a Xefatura de Sanidade.

g) A familia do alumnado, que teña sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

h) Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que unha parte do centro teña que estar illada, (aula ou grupo de aulas), mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.



i) A autoridade sanitaria en coordinación coa Consellería de Educación e en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

A aparición **dun único caso confirmado nunha aula** poderá supoñer a entrada en **corentena da totalidade do grupo** que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha **detección de 3 casos positivos** confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do **nivel educativo completo** onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos **10 días no caso da persoa enferma**, e de entrada **en corentena de 14 días a todas as persoas** que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A **suspensión da actividade lectiva presencial** suporá a aplicación das normas previstas no presenten protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.



3. ACTUACIONES PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Neste apartado recolleremos as actuacións que nos marca o plan de continxencia e as actuacións que imos a levar a cabo no noso centro

a) O ensino non presencial

Dada a situación que nos podemos atopar, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, alumnado e familias) mentres esteamos no colexio para que despois sexa unha continuidade do traballo a facer.

Tomaremos as seguintes medidas:

Profesorado

- En previsión de que podamos chegar a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen se temos que estar confinados. Para iso nunha aula os apoios os fará o titor/a do mesmo nivel.
- Formación do profesorado na aula virtual do CEIP Plurilingüe Nº2, por medio do curso creado en moodle no que se atopan vídeos explicativos para crear e dotar de material a un curso, así como enviar e/ou corrixir tarefas. Este curso de iniciación será realizado pola maioría do



profesorado. Para os que non poidan realizalo, o material compartirase nunha aula virtual creada para a formación do profesorado do centro. Neste momento, estase a facer a súa actualización e posta en funcionamento.

- O profesorado terá creados as aulas virtuais do seu curso e a principios de setembro procederá a matricular ao alumnado. A través dos medios establecidos (ABALARMÓBIL/PÁXINA WEB DO CENTRO) enviarase ás familias o nome de usuario e contrasinal do seu fillo/a ao inicio do ano lectivo 2021-2022.
- No protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 , no punto 29.2, determinase que as aulas virtuais estableceranse, polo menos a partir de 3º de EP e ata 6º de EP. Aínda así, tamén contarán con aula virtual as clases de infantil, 1º e 2º EP, e todo o alumnado de 1º e 2º terá o seu propio usuario para poder utilizala.
- Como centro E-DIXGAL debemos traballar cunha única plataforma e os cursos de infantil así como 1º e 2º de EP tamén poderán empregar as aulas virtuais, no caso de ter que suspender as clases. Somos conscientes, neste caso, da implicación que deben ter as familias e por iso nas reunións de inicio de curso daráselles unhas orientacións xerais sobre o seu funcionamento, indicaráselles o lugar da páxina web onde estean videos explicativos e/ou manuais sobre o seu funcionamento e trataráanse de resolver dúbidas que poidan ir xurdindo por vía telefónica e/ou videoconferencia. Este tipo de axuda pode ser extensible a tódalas familias e se levaría a cabo dende as titorías



- Durante o mes de setembro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado co manexo das aulas virtuais.

Alumnado

- O alumnado de infantil, 1º, 2º, 3º, 4º e de primaria fará uso da aula virtual; e por outra banda, 5º e 6º de primaria, empregará o proxecto edixgal (pode facer tamén uso da aula virtual), no caso dun posible confinamento parcial ou total.
- Durante o mes de setembro se lles asignara o usuario e contrasinal e familiarizase co manexo da aula virtual en aspectos como: acceso a plataforma, ver as súas materias, visualizar o traballo, significado de cada un dos materiais colgados, como se referencia unha tarefa, como saber se está corrixida, mensaxes, etc.

Familias

- Cursos de formación en aulas virtuais
 - Vídeos e/ou manuais colgados na web do colexio nun apartado específico para a aula virtual
 - Resolución de dúbidas vía **Abalarmóbil**, telefónica, axenda, e/ou videoconferencia
- Nas reunións iniciais de nivel presencial ou videoconferencia, (ver plan de adaptación)



b) Identificación das dificultades de conexión

O equipo Covid trasladará ás titorías unha folla de rexistro para cotexar quen ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento. Para recoller esa información, empregaremos estes medios.

- Nas reunións iniciais de nivel.
- Mediante notas na axenda
- Chamadas de teléfono

Unha vez obtidos eses datos, darase traslado á Consellería do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados

3. Períodos de avaliación

Para cada caso concreto de suspensión a actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica as medidas que nos determinen



4. Medidas durante a suspensión da actividade lectiva

Ante unha situación de suspensión temporal e/o definitiva das clases presenciais a coordinación entre o profesorado é fundamental e seguiremos a facer a que levamos dende o principio de curso, o que permitirá

- Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
- Seguir planificando actividades de investigación e traballo por proxectos. Este é un aspecto moi importante, debemos espertar a súa curiosidade, interese e sorpresa por saber que tarefa lles espera hoxe.
- O Departamento de Orientación xunto coa titoría, determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar; sendo as que van a supervisar e corrixir as tarefas.
- O profesorado asignado as aulas encargaranse de levar un control do alumnado que entra na aula virtual, poñerse en contacto coas familias e prestar o asesoramento necesario.
- O equipo de nivel, xunto co Departamento de Orientación, deseñará unhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende a casa.

Profesorado

- Seguir a traballar en coordinación por nivel para a planificación axustada de tarefas e tempo.
- Reunións semanais para planificar tarefas e valoración das propostas para introducir as modificacións precisas.
- Distribución do traballo entre os distintos membros de nivel coordinado polas titorías



- Titorías mediante videoconferencia e/ou telefónicas para o cal se distribúen o alumnado entre o profesorado que estea asignado ao nivel.

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Fase 1 (Adecuación dos espazos)	Fase 2 (Formación de pequenos grupos)	Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)	Fase 4 (Fase de reactivación)
Duración 1 semana	Duración 1 semana	Duración 1 semana	Duración 1 semana



<p>- De ser posible, o equipo covid reunirse para estudar a situación en función de se o peche afectou a unha soa aula, a un nivel educativo ou a todo o centro.</p> <p>Sempre asesorado polas autoridades sanitarias e educativas antes de tomar calquera decisión asegurase de:</p> <p>- Que tanto a aula ordinaria implicada como os espazos comúns estean limpos e correctamente desinfectados.</p> <p>- Que todo o alumnado e persoal implicado entre e saia con 10 minutos de diferenza respecto ao resto de persoal para intentar minimizar contactos.</p> <p>- Que todo o persoal teña a alta médica e a autoridade sanitaria autorice deste xeito a incorporación ao centro</p>	<p>- Incorporarase un 30% do alumnado da aula.</p> <p>- Neste tempo ademais de impartir os contidos propios de currículo, reforzase a importancia de manter o distanciamento físico, de limpar e desinfectar as mans correctamente e de empregar a máscara sempre que esteamos acompañados.</p> <p>- Combinarase o ensino presencial e a distancia.</p>	<p>- Incorporarase outro 30% de alumnado.</p> <p>- Neste tempo seguirase insistindo na necesidade de cumprir as normas non só polo ben da saúde propia, senón tamén pola de aquelas persoas que nos rodean (o resto dos membros familiares que poderían verse afectados seramente se non tomamos as normas en serio).</p> <p>- Dado que neste caso o número de alumnos vai aumentando na aula, entre todos buscaranse alternativas de xogo e entretemento divertidas pero que nos permitan manter o distanciamento social.</p>	<p>- Incorporarase o resto do alumnado, é dicir, o 40% restante.</p> <p>- Neste fase seguiremos insistindo na necesidade de cumprir as normas, xa que de non facelo, implicaría unha volta a corentena e por tanto a un distanciamento total non só cos compañeiros e amigos senón tamén co resto da sociedade.</p> <p>- Farase unha revisión das actividades realizadas durante o ensino telemático.</p> <p>- Avaliación dos contidos adquiridos durante o ensino a distancia.</p>
--	---	--	---



<p>educativo.</p> <p>-Que teña o persoal docente necesario para realizar esta incorporación das aulas.</p> <p>- De ser posible intentarase que este persoal implicado (tanto alumnos como profesores) non empreguen os servizos complementarios (transporte e comedor) mentres realizan esta fase de incorporación.</p> <p>- Revisión de posibles erros do plan de adaptación e se é necesario modificación dalgún dos seus apartados</p>			
---	--	--	--



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

CEIP Plurilingüe Nº 2

N.I.F. Q8655124I

Avda. Concordia s/n 36700 Tui (Pontevedra)

Tel 886 12 00 57 Fax 886 12 00 58

ceip.numero2.tui@edu.xunta.es
